

## Hai poesía como area

**Miro Villar**

### **Formas de citación recomendadas**

#### **1 | Por referencia a esta publicación electrónica\***

VILLAR, MIRO (2011 [2009]). “Hai poesía como area”. *Grial*: 184, 110-111.  
Reedición en *poesiagalega.org*. *Arquivo de poéticas contemporáneas na cultura*. <<http://www.poesiagalega.org/arquivo/ficha/f/36>>.

#### **2 | Por referencia á publicación orixinal**

VILLAR, MIRO (2009). “Hai poesía como area”. *Grial*: 184, 110-111.

\* Edición dispoñíbel desde o 25 de xaneiro de 2011 a partir dalgunha das tres vías seguintes: 1) arquivo facilitado polo autor/a ou editor/a, 2) documento existente en repositorios institucionais de acceso público, 3) copia dixitalizada polo equipo de *poesiagalega.org* coas autorizacións pertinentes cando así o demanda a lexislación sobre dereitos de autor. En relación coa primeira alternativa, podería haber diferenzas, xurdidas xa durante o proceso de edición orixinal, entre este texto en pdf e o realmente publicado no seu día. O GAAP e o equipo do proxecto agradecen a colaboración de autores e editores.

## HAI POESÍA COMO AREA

[RECENSIÓN DO LIBRO DE MODESTO FRAGA *MAR DE AUSENCIAS*, 2009]

**Miro Villar**

Unha década separa a edición *princeps* deste libro e a súa reedición, xustificada no breve limiar «Dúas palabras do autor» co que dá conta dos avatares desta obra que merecera o premio Francisco Añón en maio do 1998. A insatisfacción persoal con aquela primeira impresión en Bauprés Editores (1999) vai ser agora corrixida e mesmo acrecentada con seis novos poemas.

Nos paratextos as mudanzas son enormes, a reedición elimina os debuxos (para nós *naif*) do pintor catalán Manué, afincado en Fisterra, por ilustracións e cartografía orixinal de Javier Campaña Martínez, sinalando as coordenadas exactas dos topónimos mariñeiros que aparecen nestas páxinas, e engade na portada unha fotografía do pesqueiro “Josefa” no que se ollan media ducia de mariñeiros antes de saíren a faenar, de cuxos rostros algún sorprende pola súa mocidade.

Resulta desconcertante a intervención sobre as dedicatorias. Nas que dominan o libro mantén «Aos homes e mulleres de Fisterra / mar e terra que nos é común» e substitúe a Palmira orixinal por Alonso Girgado. Nos poemas tamén desaparecen as dedicatorias a seu pai (“que me amosou Mar de Fóra, desde dentro”), á memoria de Segundo Moure Trillo (“o último xeiteiro do Sur”), a Marcos Valcárcel, a Xosé Leira e Rosa Méndez, a Ramón Allegue e a Rafael Mouzo, aínda que algunha reaparece agora na táboa final de agradecementos. Porén, a nova edición tan só incorpora unha a catro compañeiros nas aulas de Filoloxía no poema «Fisterra».

Algo semellente sucede coas citas. Nas xerais mantén os versos de Manuel Antonio e substitúe os de Tosar polos de Bouza-Brei, Blanco-Amor e Paz-Andrade. Na segunda parte incorpora versos de Rafa Villar aos do fisterrán Ale-[111]xandre Nerium, na terceira engade aos de quen isto asina os de Román Raña e os de Bernardino Graña e Xosé Leira acompañan os poemas da cuarta parte que é novidade nesta edición. E na estrutura, desta volta os epígrafes de cada unha das partes son completados cun subtítulo, moi ancorados no ronsel estético de Manuel Antonio, que engaden toda unha definición das intencións autorais.

A primeira, «Ausencias e mar», agora subtitulada [navegación e botadura], xunta trece poemas fronte a nove da edición orixinal. Son novidade «As Pardas», «Estampa mariñeira», «Cabo da Nave» e «Punta Bufadoira». Todos eles caracterízanse por un forte presenza dunha ollada épica do mar, por un ricaz léxico mariñeiro (que incorpora topónimos de cabos ou de marcas no mar) e por unha preocupación polo eficacia expresiva e a sinxeleza da mensaxe, deixando atrás moito do barroquismo que caracteriza outras entregas do autor. Son versos que cheiran a argazos e a marusías, onde homes e mulleres veñen da

“herdanza do salitre”. Alén diso, estes poemas teñen unha cor trágica, que salienta en «Cabo da Nave», unha longa composición en catro partes, que lembra o naufraxio do pesqueiro «Bonito», sucedida o 18 de xaneiro de 1960, a maior traxedia para as familias fisterrás, ao morreren once mariñeiros. Os versos iniciais abruman pola súa funesta fermosura: “Mentiron as balizas / e o mar tornouse un cadaleito negro”.

A segunda parte, «Pranto de nostalxias e saudade», agora subtitulada [na morada de Poseidón], muda de dez para nove poemas ao trasladar un texto desta sección para a última. Aquí os versos deshumanízanse e céntranse máis na paisaxe, de feito case todos os poemas (agás «Marusía») levan como título un topónimo: «O Centolo», «Dugium» (antes «Duiro»), que lembra o texto de Darío Xoán Cabana sobre este mítico lugar, «O Gavoteiro», «Langosteira», «Monte Facho», «Lobeira Grande» (antes «Illas Lobeira»), «O Berrón» e «Promontorio Nerio». Prevalece o diálogo coa paisaxe e o feitío clásico do soneto aparece en dúas composicións.

«Máis alá do silencio», agora subtitulada [da cidade asolagada], é a terceira parte, conformada por nove textos breves, na liña das poéticas minimalistas de Eduardo Estévez ou de Rafa Villar. Con excelente criterio traslada o «Soneto Mariñeiro» e o último poema que figuraban nesta sección para a derradeira, ao tempo que incorpora aquel que se inicia: “De costas ao Berrón...”, onde se poetiza o son da vaca de Fisterra, ese sinal acústico do faro contra as néboas e que os fisterráns (de maneira tan poética) chaman a vaca por lle imitar o son. Sinal tamén poetizado na escrita de Alexandre Nerium e, sobre todo, de Marilar Aleixandre.

A novidade maior está na inclusión dunha brevísima cuarta parte, «O canto dos esquecidos», subtitulada [singradura última], onde hai dous poemas novos e recupera o soneto «Fisterra», da segunda parte, e dous textos da terceira «Adoecen os días na noite de penumbra...» (antes «Soneto Mariñeiro») e «Cando no silencio berran as palabras...», toda unha declaración da vontade destes versos como testemuño da homenaxe que aventaba no pórtico do libro.

A enunciación lírica do libro é moi diferente a outras entregas do autor, agora apenas hai presenza da primeira persoa en dúas composicións, substituída a autorreferencialidade pola invocación da segunda persoa e, sobre todo, polo suxeito plural nós, nomeadamente nos versos da épica colectiva do mar. E a estraña inmensidade do océano descríbese con familiaridade, desde o coñecemento. Mesmo a morte e a dor se integran na voz colectiva. Canda elas, a pulsión do amor, o erotismo e a poética das paisaxes mariñas completan este volume, nunha miscelánea estrófica que mestura formas tradicionais co minimalismo. E se os mariñeiros din “hai pesca como area” cando hai abastanza, en *Mar de ausencias* “hai poesía como area”.